

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria do 5 de agosto de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte minutos do día cinco de agosto de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1.296).- DAR CONTA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO ANO 2010. EXPTE. 38267/512.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Administración de Tributos, do 29.07.2010, co conforme da directora de Ingresos e a toma de razón do Interventor Xeral, dáse conta do padrón do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana e de características especiais do ano 2010 á Xunta de Goberno Local.

Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro e as operacións realizadas pola Administración Tributaria do Concello para o cálculo da débeda tributaria, cun tipo impositivo aplicable do **0.756%**, elaboráronse os Padróns Fiscais do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana e de Bens de Características Especiais do 2009, que consta de 204.099 inscricións cun total de 53.160.269,25 € das que unha vez deducidas as inscricións e importes que a continuación se indican, resulta unha cantidade de **52.859.493,36 €** co seguinte DETALLE:

**BENS DE NATUREZA URBANA:**

Nº inscricións matrícula .....	203.345	V.Catastral .....	7.381.271.099,73 €
Nº inscricións non suxeitos....	- 1.208	V.Catastral .....	- 292.239.249,43 €
Nº inscricións exentos .....	- 4.884	V.Catastral .....	- 340.991.490,04 €
- Deuda < 7 euros .....	4.281		
- 100%	603		

---

TOTAL INSCRICIÓN CON COTA .....	197.253	V.Catastral .....	6.748.040.360,26 €
IMPORTE DA COTA .....			51.761.914,93 €
IMPORTE BONIFICACIÓN .....			320.228,27 €
<b>TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA .....</b>			<b>51.441.686,66 €</b>

A deducir importe de 1.937 inscricións de titulares "EN INVESTIGACIÓN" .....

- 187.465,28 €

A deducir importe de 860 inscricións que por distintas incidencias "se xirarán por ingreso directo" .....

- 287.935,29 €

---

**IMPORTE TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA .....** **50.966.286,09 €**

**BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS:**

Nº inscricións matrícula .....	754	V.Catastral .....	321.159.610,09 €
Nº inscricións non suxeitos....	- 11	V.Catastral .....	- 2.714.489,89 €
Nº inscricións exentos .....	- 17	V.Catastral .....	- 7.709.347,59 €
- Deuda < 7 euros .....	4		
- 100%	13		

---

TOTAL INSCRICIÓN CON COTA .....	726	V.Catastral .....	310.735.772,61 €
IMPORTE DA COTA .....			2.349.155,46 €
IMPORTE BONIFICACIÓN .....			290.548,60 €

---

**TOTAL DEBEDA TRIBUTARIA** **2.058.606,86 €**

A deducir importe de 7 inscricións que por distintas incidencias "se xirarán por ingreso directo" .....

- 165.399,59€

-----  
IMPORTE TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA .... 1.893.207,27 €

**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E SOBRE BENS DE  
CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DOS EXERCICIOS 2009-2010**  
**ESQUEMA COMPARATIVO**

	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>VARIACIÓN TOTAL</b>	<b>VARIACIÓN PORCENTUAL</b>
<b>Nº Total de inscricións</b>	201.944	204.099	2.155	1.07%
<b>Valor Catastral TOTAL</b>	7.505.875.279,45	7.702.430.709,82	196.555.430,37	2.62%
<b>TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA A CONTRAER</b>	51.536.241,02	52.859.493,36	1.323.252,34	2.56%

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e 30 de xuño de 2009, e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º- **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2010 por importe de **52.859.493,36 €** (CINCONTA E DOUS MILLÓNS OITOCENTAS CICOENTA E NOVE MIL CATROCENOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS) que consta de 203.345 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **50.966.286,09 €** segundo relación comeza por FERNANDEZ DIZ JOSE LUIS e remata por CALVIÑO RODRÍGUEZ DOLORES e de 754 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **1.893.207,27 €** segundo relación comeza por SPANAIR S.A. e remata por AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA."

2. Dar conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do precedente informe.

**2(1.297).- DAR CONTA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO MUNICIPIO DE VIGO. EXPTE. 41228/516.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Administración de Tributos, do 29.07.2010, co conforme da directora de Ingresos e da concelleira de Facenda, e

a toma de razón do Interventor Xeral, dáse conta do padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e de características especiais do ano 2010 á Xunta de Goberno Local.

Segundo o censo de actividades empresariais, profesionais e artísticas elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e remitido a este Concello, a Administración Tributaria mediante aplicación da Instrución do IAE (Real decreto legislativo 1175/90), da Ordenanza fiscal do Concello, arts. 78 a 91 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e restantes normas de aplicación, elaborouse o Padrón Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas para este exercicio de 2010.

O presente padrón fiscal conta con **4.448 inscricións**, por un importe total que ascende a 12.876.066,86 € sendo á cota municipal de **11.433.353,19 €**. Ademais da cota municipal o Padrón inclúe un recargo provincial do 30%, establecido pola Excm. Deputación de Pontevedra que ascende a un total de **1.442.713,67 €**.

#### ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2008-2010

Ano	Nº inscricións	Incremento respecto ao ano anterior	Cota municipal (en miles euros)	Incremento respecto ao ano anterior	Cota provincial (en miles euros)	Incremento respecto ao ano anterior
2008	4.384	11.92%	11.037	7.56%	1.445	5.94%
2009	4.469	1.94%	11.554	4.68%	1.452	0.48%
2010	4.448	-0.47%*	11.433	-1.05.%	1.442	- 0.68%

\* Nº de empresas que tributan IAE 2010 sobre datos de facturación de 2008.

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e 30 xuño de 2009, e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral **A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

“1º- **“APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** do Municipio de Vigo para o ano **2010** por importe total 12.876.066,86 € dos que **11.433.353,19.- €** corresponden a cota municipal e **1.442.713,67,-€** ao recargo provincial que contén **4.448 inscricións**, comezando "EIRIÑA-IMESAPI TORRECEDEIRA" e rematando por “ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS”.

2. Dar conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou

ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do precedente informe.

### **3(1.298).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 4 de agosto do Ilmo. Sr. Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

Nomear suplentes da Presidencia, ós Sres. Concelleiros D. Xulio Calviño Rodríguez e Dna. M<sup>a</sup> Jesus Lago Rey, sen prexuízo do disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de marzo de 2009.

### **4(1.299).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS TRAVESAS VIGO (AETRAVI) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO 2010. EXPTE. 3545/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 14.07.2010, co conforme do concelleiro delegado de Animación Sociocultural, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 14.07.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 26.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas Vigo (AETRAVI) para a organización da Festa de Fin de Ano 2010.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas Vigo (CIF G-36.847.861), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0012 (Convenio Aetravi – Festa fin de ano) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2010.

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO.**

*Na Casa do Concello de Vigo, a*

*de dous mil dez*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto*

da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Manuel Vázquez Iglesias, como presidente da Asociación de Comerciantes e Empresarios das Travesas-Vigo (AETRAVI), CIF nº B-36.847.861 e enderezo social na Gran Vía nº 176 – local 7 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3545/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

**I.-** Que a Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo ten por finalidade, entre outras, a promoción de actividades lúdicas e culturais como medio de promoción da actividade comercial da zona. A tal fin e desde máis dunha década, a Asociación ven ocupándose da organización, desenvolvemento e execución da Festa de Fin de ano, na praza de América, o último día do ano.

**II.-** Que o Concello de Vigo anteriormente xa organizara esta festa pero por razóns operativas tivo que deixar este proxecto. A AETRAVI, de forma espontánea, asumiu a súa realización cuxa celebración véñse consolidando cunha constatada mellora de calidade e promoción, polo que o Concello considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do dito evento, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo. Esta festa constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta de ocio e cultura da cidade de Vigo, sendo a única da súa clase e a máis importante da comunidade autónoma galega, tanto pola calidade e custo da súa execución, como polo número de espectadores directos da festa, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 3380.489.0012, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da asociación AETRAVI.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa de Fin de ano na praza de América.

**V.-** Que a entidade Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3545/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **AETRAVI**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo (AETRAVI) comprométese a organizar a Festa de Fin de Ano 2010 na praza de América e, concretamente, a:

1º.- Achegar toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para a organización xeral das actividades.

2º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.

3º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa da festa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc.) para dar resposta ás posibles incidencias que se poidan producir durante o seu desenvolvemento e que serán de total responsabilidade da asociación.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización da actividade.

5º.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas e o financiamento municipal, nos materiais impresos (carteis, programas, pancartas, etc), medios electrónicos e audiovisuais ou anuncios en medios de comunicación.

6º.- A entidade beneficiaria terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente á Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo, unha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa de fin de ano na praza de América.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0065.39.0040026131, domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou

elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de trinta días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.



**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Animación Sociocultural, antes do 10 de decembro. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo sexto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**5(1.300).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROCESOS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN MIGRANTE DE VIGO. EXPTE. 56527/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 4 de agosto da xefa de sección de Planificación de Servizos Sociais, conformado polo xefe da área de Benestar Social e máis pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Solicitar no marco da resolución do 16 de xullo de 2010 a concesión de subvencións para programas ou actividades nos eixes de:

- Eixe de acollida.
- Eixe de educación.
- Eixe de emprego.
- Eixe de vivenda.
- Eixe de infancia e xuventude.

Facultar á concelleira delegada de Benestar Social para exercer a representación do Concello de Vigo en todo o relativo a esta convocatoria de subvencións

**6(1.301).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADOS DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE JENARO DE LA FUENTE E AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 3054/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 30 de xullo da técnica de Administración Xeral, conformado polo Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e polo titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo de aprobación da modificación dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente y Castelaio adoptado na sesión da Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2010.

2º.- Solicitar informe ó enxeñeiro municipal supervisor dos proxectos sobre o importe da compensación económica a satisfacer polo Concello á mercantil concesionaria como consecuencia da modificación dos proxectos dos citados aparcadoiros.

**7(1.302).- INADMISIÓN DE RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN, INTERPOSTO POR SIMCO S.L. EXPTE. 4052/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 02 de agosto da técnica de Administración Xeral, conformado polo titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Inadmitir o recurso especial en materia de contratación interposto por Isidro costas Piñeiro, en nome e representación de SIMCO, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 9 de xullo de 2010, por resultar extemporáneo ó ser interposto unha vez finalizado o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación.

2º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de Parques Forestais.

3º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

**8.- PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS AUTO-ESCALEIRAS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 1539/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.10, o informe de fiscalización do 28.07.10, e de acordo co informe-proposta do oficial subxefe do Servizo, do 28.05.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar e confirmar as actuacións preparatorias practicadas no expediente 1063-213, confirmando á orde de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado da Area de Mobilidade, Transporte e Seguridade oe 15 de febreiro de 2010, o informe que motiva a necesidade da adquisición e demais actuacións administrativas obrantes no expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 1.1250.000 euros para a contratación do subministro de dúas autoescaleiras automáticas, unha de 37 metros e outra de 18 metros para o servizo de bombeiros que se imputarán a partida 13506240000 “ flota de vehículos “ 575.000,00 euros

para a de 37 metros con cargo ao presuposto de 2010 e de 550.000,00 euros con cargo ao presuposto do ano 2011, crédito este xerado polo convenio coa entidade Unespa.

3º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro de dúas autoescaleiras automáticas, unha de 37 metros e outra de 18 metros para o servizo de bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 23-02-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións por procedemento aberto con múltiples criterios de data 10-03-2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

**9(1.304).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROGRAMA “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 6773/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 22.07.2010, co fiscalizado e conforme do interventor Xeral, do 28.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á mercantil METODO GALICIA ANÁLISIS Y TÉCNICAS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos externos do proxecto Imos Traballar(Expediente 6773-77) por un prezo total de 58.928 euros, IVE incluído, (a cota correspondente ó IVE é de 8.128 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2010 e a oferta presentada.

**10(1.305).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DOS SERVIZOS SANITARIO-ASISTENCIAIS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 41015/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 23.07.2010, co fiscalizado e conforme do interventor Xeral, do 28.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a EUXA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS,S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio á unidade asistencial a drogodependientes “CEDRO” (ex 41015-301) por un prezo total de 643.958 euros, IVE

incluído, (a cota correspondente ó IVE é de 42.128 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aumenta a cobertura do seguro de responsabilidade civil ata un importe total de 3.000.010 €.
- Aporta unha enfermeira a xornada completa.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro de 2010 e a oferta presentada.

**11(1.306).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DO SERVIZO DE TITORIZACIÓN PARA O PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE.6400/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 21.07.2010, co fiscalizado e conforme do interventor Xeral, do 30.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluír do procedemento aberto para a contratación dos servizos de titorización e orientación para o proxecto Imos Traballar ás mercantís EULEN e FORINLAB por non acreditar a solvencia técnica necesaria para licitar.

2º.-Adxudicar provisionalmente á mercantil PROXECTOS CONSULTORIA E FORMACIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de titorización e orientación para o proxecto Imos Traballar (expediente 6400-77) por un prezo total de 170.563 euros, IVE incluído.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 12 de abril de 2010 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

4º.- No prazo mencionado no parágrafo anterior o adxudicatario deberá ingresar na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 651,02 euros

5º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

**12(1.307).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL STA. MARTA. EXPTE. 11367/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 21.07.2010, co fiscalizado e conforme do interventor Xeral, do 29.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluír do presente procedemento á mercantil CLECE,S.L, por non acadar no criterio non valorable mediante fórmula “CALIDADE DO PROXECTO EDUCATIVO” o umbral mínimo de puntuación esixido, conforme ó disposto na cláusula 16.1.1 do PCAP en aplicación do artigo 134.4 do LCSP.

2º.-Adxudicar provisionalmente á mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Marta (expediente 11367-332) por un prezo total de 844.880,58 euros, IVE incluído.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10 de maio de 2010 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

4º.- No prazo mencionado no parágrafo anterior o adxudicatario deberá ingresar na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 725, 24 euros

5º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

**13(1.308).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA ASISTENCIA TÉCNICA DA DINAMIZACIÓN XUVENIL DO CASTRO. EXPTE. 2572/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 30.07.2010, co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 28.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir do procedemento aberto para a contratación do servizo de dinamización xuvenil do Castro (expediente 2572-336) á empresa UPAR CONSULTORÍA, S.L.N.E., por non acreditar nin solvencia económica e financeira nin técnica para poder participar no mesmo.

2º.-Adxudicar provisionalmente á mercantil XEGALIA, GALEGA DE XESTIÓN ,S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de dinamización xuvenil do Castro (expediente 2572-336) por un prezo total de 254.474, 67 euros (IVE incluído) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta 6 monitor/es especialista/s de actividade con adicación mínima de 2 horas semanais durante tres meses.
- Propón as seguintes melloras na cualificación e experiencia do persoal proposto para o servizo:
  - Aporta un coordinador/ra do programa co título de licenciado/a universitario.
  - Aporta 2 traballador/ra(s), distintos dos especificados nos apartados anteriores, que adique/n un mínimo de 15 horas semanais e teña/n experiencia acreditada nun programa de dinamización xuvenil por máis de dous anos.
- Propón incrementar o horario mínimo de prestación do servizo en 8 hora/s á semana.
- Incrementa o número mínimo de campañas publicitarias anuais previstas no prego de prescricións técnicas en 3.
- Propón as seguintes melloras nos equipamentos propios da instalación asumida polo licitador:
  - Aporta 28 equipo/s relacionado coas novas tecnoloxías.
  - Aporta 6 equipo/s audiovisuais.
  - Aporta 11 equipo/s de carácter musical.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23 de abril de 2010 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

4º.- No prazo mencionado no parágrafo anterior o adxudicatario deberá ingresar na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 651,02 euros

5º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

#### **14.(1.309). -DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A).- Devolver a VILARPIÑEIRO S.L. a fianza de 2.400 € constituída para responder da subministración da escultura “Mariñeiros Mortos no Mar”, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3317/241.

B).- Devolver a PASSCO a fianza de 588,57 € constituída para responder das obras de alumeadado público en parroquias, xa que foron recibidas mediante acta de 20-09-1995 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3237/241.

C).- Devolver a PASSCO a fianza de 1.379,25 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 11-12-2003 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3236/241.

D).- Devolver a PASSCO a fianza de 2.874,14 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 31-05-2001 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3235/241.

E).- Devolver a PASSCO a fianza de 1.237,99 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 26-06-2001 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3234/241.

F).- Devolver a PASSCO a fianza de 2.731,31 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 14-03-2002 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3233/241.

G).- Devolver a PASSCO a fianza de 2.355,97 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 18-12-2002



conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3232/241.

H).- Devolver a PASSCO a fianza de 4.145,70 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 20-05-2002 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3231/241.

I).-Devolver a PASSCO a fianza de 800,21 € constituída para responder da subministración de material eléctrico, xa que foi recibido mediante acta de 24-02-2003 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3230/241.

**15(1.310).- AUTORIZAR AO CLUB CICLISTA VIGUÉS A ORGANIZAR OS VINDEIROS DÍAS 21 E 22 DE AGOSTO, O VII DIPTICO CICLISTA INTERNACIONAL DE GALICIA. EXPTE.9667/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.07.2010, co conforme do concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao **Club Ciclista Vigués** a organizar os vindeiros días 21 e 22 de agosto, o VII DIPTICO CICLISTA INTERNACIONAL DE GALICIA, que consta das seguintes probas:

- VII GRAN PREMIO VILAS DE PONTEVEDRA VIGO-VIGO, a celebrar o 21 de agosto, cun percorrido por A Madroa, Redondela, Arcade, Pontevedra, Pontecaldelas, Maceira, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Porriño, Redondela e Vigo (Teis-A Madroa), con saída ás 13.30 horas.
- XXXVII GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO, a celebrar o 22 de agosto, cun percorrido de 11 voltas ao circuío: rúa Teixugueiras, rúa Limpiño, Vía servizo circunvalación Oeste e rotonda C. Oeste-VG 20, con saída ás 10.30 horas.

**16(1.311).- APLICACIÓN DO INCREMENTO DO TIPO IMPOSITIVO DO IVE NAS TARIFAS DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO. EXPTE.78661/210**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 3.08.2010, co conforme do concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Tomar razón das tarifas de Autotaxi da cidade de Vigo que se derivan da aplicación as tarifas actuais aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2009 da entrada en vigor dos novos tipos impositivos do Imposto do Valor Engadido aprobado por

Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010 e que son as seguintes .

**TARIFA 1** (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,19 min.)	3,11
Km percorrido	0,85
Hora de espera	17,28
Suplemento aeroporto	3,85
Suplemento Cotogrande	2,67
Maletas e vultos análogos	0,48

**TARIFA 2** (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados desde as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,37 min)	3,26
Km percorrido	0.94
Hora de espera	18.79
Suplemento aeroporto	3,85
Suplemento Cotogrande	2,67
Maletas e vultos análogos	0,48

2º.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.

**17(1.312).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A Dª HERMINIA FIGUEIREDO VELÁZQUEZ, POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SÁRDOMA. EXPTE. 78439/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, do 22.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 22 de xuño de 2010 por dona Herminia Figueiredo Velázquez NIF 35943969 Y , por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das festas de Sárdoma os días 27 ao 29 de xuño de 2010 , por non producirse danos na vía pública.

**18(1.313).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO PARA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS NA CIDADE. EXPTE. 5349/446.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 2 de agosto emitido polo xefe do Servizo de Montes, parques e Xardíns, coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local Acorda:

Aprobar o Plan de seguridade e saúde no traballo para as obras de “Construción, adecuación e mellora de pistas deportivas na cidade”.

**19(1.314).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 20011/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organización, do 30.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo do Rexistro Xeral, contidas no escritos de data 26 de xullo de 2010.

2º.- Nomear funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D. MIGUEL ANGEL VILLAYERDE COSTA, DNI 73.240.801-S e Dª. ALDARA VILA RODRÍGUEZ, DNI 53.179.938-M, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 21.506,10€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

4º.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

**20(1.315).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES OFICIAIS CONDUTORES. EXPTE. 20013/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organización, do 30.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Declarar a urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de tres oficiais condutores/as, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude da Xefatura do Parque Móbil Municipal de data 19 de xuño de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 16.517,25€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

2º- Autorizar a contratación de D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI 36.075.127-H, D. FENANDO ABALDE MARTINEZ, DNIL 36.055.130-P e, D. ALFONSO PUENTE VEIGA, DNI 36.136.039-A, como oficiais condutores, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres mais, ata completar un máximo de seis meses (3 de agosto ó 2 de novembro de 2010) para a realización de tarefas de oficial condutor, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de postos de Oficial Condutor, autorizadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 10 de abril de 2010, de conformidade coas bases da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 233, oficial condutor, sendo adscritos ó Servizo do Parque Móbil (cód. 445).

Formalizaranse cos interesados, contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, para a realización de tarefas de conducción de vehículos municipais.

3º.- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006), podendo comprobarse no programa de xestión de persoal que os candidatos propostos, non vulneran o establecido no referido precepto legal.

4º.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**21(1.316).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA TÉCNICA MEDIA DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 20012/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organización, do 30.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento, dun/ha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Técnico Medio de Actividades Turísticas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de tres meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Comercio e Turismo, contidas no escrito de data 26 de maio de 2010.

2º.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como técnica media de actividades turísticas por un período de tres meses, á D<sup>a</sup>. FATIMA DUEÑAS CORCHERO, DNI. 44.085.056-J, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Técnico Medio de Actividades Turísticas por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de setembro do 2009 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 9.028,08€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

4º.- O referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os tres meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

**22(1.317).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS OFICIAIS PAVIMENTADORES. EXPTE. 19994/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organización, do 20.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais pavimentadores/as, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos das solicitudes da Xefatura do Servizo de Vías e Obras de data 16 de xullo de 2010 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.011,50€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

2º.- Autorizar a contratación de Dª. Mª. de la CRUZ ROA ROMERO, con DNI 36.031.819-L e D. CECILIO BENAVIDES HERNÁNDEZ, DNI 36.068.964-L, como oficiais pavimentadores/as, por un período de tres meses (01 de setembro ó 30 de novembro de 2010), prorrogables por outros tres mais, dentro dun máximo de seis meses, para a realización de tarefas de pavimentación de viais e camiños desta cidade, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de postos de oficial pavimentador, autorizadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13 de xullo de 2009, de conformidade coas bases da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 243, oficial pavimentador/a, sendo adscritos ó Servizo de Vías e Obras (cód. 442).

Formalizaranse cos interesados, contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.

3º.- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006), podendo comprobarse no programa de xestión de persoal que os candidatos propostos, non vulneran o establecido no referido precepto legal.

4º.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas coa excepción do período comprendido

entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**23(1.318).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DA XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO-2010. EXPTE. 19973/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 28.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por Don José Luís Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XUÑO-2010, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos corenta e nove euros con corenta e seis céntimos), con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 922.10.151.00.00-Gratificacións.

**24(1.319).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO-2010. EXPTE. 19981/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 28.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Abonar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL	IMPORTE
----------	-----	----------------	---------	-------	---------

			FESTIVAS	NOCTURNAS	TOTAL
1ª Tenencia Alcaldía	Xuño	De Pardellas Avión, Avelino a Seijas Fernández, Alberto	172,86	97,92	270,78
Alcaldía	Xuño	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	430,14	127,84	557,98
Alcaldía	Xuño	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	184,92	5,44	190,36
Cemiterios	Xuño	Abalde Comesaña, Raquel	1.981,86	0,00	1.981,86
Limpeza	Xuño	De Alfonso Paz Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	180,90	1.308,32	1.489,22
Parque Central	Xuño	De Hermida Sanmartin Juan Jose	884,40	742,56	1.626,96
Montes, Parques e Xardíns	Xuño	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Souto, Jose Antonio	1.286,40	753,44	2.039,84
Parque Móbil	Xuño	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	1.169,82	1.187,96	2.357,78
Policía Local	Xuño	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	7.211,60	1.280,44	8.492,04
Museo	Maio/Xuño	De Abalde Casanova, Iván a Vivero Mijares, Guillermo	508,64	0,00	508,64
Biblioteca Central	Xuño	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	96,48	0,00	96,48
Electromecánicos	Xuño	De Prieto Rodríguez, Pilar a Romero Falque, Xosé Lois	72,36	369,92	442,28
IMD	Maio/Xuño	De Arias Rodríguez, Dámaso	358,79	57,12	415,91
Vías e Obras	Xuño	De Vázquez Martínez, Ramón	60,30	0,00	60,30
Protección Civil	Xuño	De Rial Estévez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	144,72	0,00	144,72
<b>TOTAL</b>			<b>14.744,18</b>	<b>5.930,96</b>	<b>20.675,14</b>

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 20.675,14 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**25(1.320).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO-2010. EXPTE. 20004/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 28.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Abonar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal do servizo de Extinción de Incendios que figura na relación que se achega e que comeza por Francisco J. Abreu Torres e remata por José B. Villaverde



Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende un total de 33.412,90 € (trinta e tres mil catrocentas doce euros con noventa céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**26(1.321).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SEN SER OFICIAIS CONDUTORES, DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE-2010. EXPTE. 19995/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 26.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Sanidade, Parque Móbil, Cultura, Desinfección, Omic, Protección Civil, Limpeza e Xuventude, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 5.176,92 € correspondentes ó 2º trimestre de 2010 e con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**27(1.322).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS DO PERSOAL DE DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE-2010. EXPTE. 19961/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 16.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 30.07.2010, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á funcionaria municipal Dª Marta Alonso Posada, con nº de persoal 79396, administrativa adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolucións de data 2 de xullo de 2008, no período comprendido dende o 1 de abril ao 30 de xuño de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1923,61€. conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de persoal do Concello de Vigo.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1923.61€ en concepto de produtividade a favor da funcionaria Dª Marta Alonso Posada, con nº de persoal 79396, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” (RC 15510).

2º.-Outorgar á funcionaria municipal Dª Luz González Domínguez, con nº de persoal 23290, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 4 de Xaneiro de 2010 no período comprendido dende o 12 de marzo ao 30 de xuño de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 2606.08€ segundo as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2606.08€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor da funcionaria municipal Dª Luz González Domínguez, con nº de persoal 23290

3º.-Outorgar ao funcionario D Juan Carlos Roman Casas, con numero de persoal 8349 e posto de inspector administrativo de Tributos pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de inspector adxunto de Tributos do Servizo de Inspección de Tributos polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2010, a cantidade de 1065.05 €.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1065.05€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor do funcionario municipal D Juan Carlos Roman Casas con numero de persoal 8349.

4º.-Outorgar ao funcionario D Rosendo G Covelo Roma, con nº de persoal 23627 e posto de administrativo de Admón. Xeral , pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Director do Verbum-Casa das palabras , un complemento de produtividade polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2010, a cantidade de 2168.08 €.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2168.08 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor do funcionario municipal D D Rosendo G Covelo Roma, con n de persoal 23627.

4º.- Outorgar ao funcionario municipal D Avelino San Luís Costas, con nº de persoal 9900 e DNI 35946375C, xefe de Relacións Publicas e protocolo, un complemento de produtividade segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2010, por importe de 5200.00 €

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 5200.00 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor do funcionario municipal D Avelino San Luis Costas, con n de persoal 9900

5º.- Outorgar á funcionaria Dª Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita á Intervención Xeral e núm. persoal 22119, un complemento de produtividade correspondente ao 2º trimestre do ano 2010, por importe de 700,00 €, polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando, segundo resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 1 de xullo de 2008, acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2008 e informe do técnico de Intervención Xeral de data 6 de abril de 2010,

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 700.00 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC núm. 1257).

6º.- Outorgar a funcionaria Dª Marta Núñez Aboy, administrativa do Servizo de Cultura e Bibliotecas, co n de persoal 78436 e posto de administrativo de Admon Xeral un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto 191 Técnico Medio de actividades culturais por importe de 1923.61 €, polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2010.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1923.61 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor da funcionaria municipal Dª Marta Núñez Aboy .

7º.- Outorgar ao funcionario D Francisco J Gutiérrez Orúe, con número de persoal 13920, un complemento de produtividade por importe de 2511,05€, importe calculado en función do importe mensual do complemento de destino do posto 36 “xefe do Servizo de Formación e Emprego”, posto acumulado segundo resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data, polo período comprendido entre o 12 de marzo ao 31 de xuño de 2010.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2511.05 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor do funcionario municipal D Francisco J Gutiérrez Orúe, con número de persoal 13920..

8º.- Outorgar á funcionaria municipal Dª María José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, xefa do Negociado de Réxime Interior, un complemento de produtividade pola realización das funcións propias de técnicos de xestión no Servizo de Recursos Humanos encomendadas provisionalmente por Decreto de 23 de febreiro de 201, complemento retributivo que se fixa na cantidade de 2706.09 € , polo período comprendido entre o 23 de febreiro ao 30 de xuño de 2010.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2706.09 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor da funcionaria municipal D<sup>a</sup> María José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042.

9º.- Outorgar á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de admón. Xeral, un complemento de produtividade pola realización das funcións de apoio ao Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL) encomendadas provisionalmente por Decreto de 23 de febreiro de 2010, complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1528.62 € segundo as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo, polo período comprendido entre o 23 de febreiro ao 30 de xuño de 2010.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1528.62 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor da funcionaria municipal D<sup>a</sup>. Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102.

10º.- Outorgar á funcionaria D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Otero Malvárez, un complemento de produtividade por importe de 1295.67 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento destino do posto 105 “administrativo”, posto acumulado segundo resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 23 de febreiro de 2010, polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2010.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1295.67 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor de D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Otero Malvárez , con nº de persoal 80568

11º.- Outorgar ao funcionario municipal D Rafael Ojea Pérez, un complemento de produtividade por importe de 3983,62 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento destino do posto de “Director EMAO”, posto acumulado segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007, polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2009 ao 30 de xuño de 2010.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 3983.62€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 15510), a favor de D Rafael Ojea Pérez , con nº de persoal 14775

Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**28(1.323).- RECTIFICACIÓN OEP 2008 E CORRECCIÓN ERROS MATERIAIS. EXPTE. 20002/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, do 4.08.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Acordar, ao abeiro do acordado na Mesa Xeral de Negociación celebrada en data 27 de xullo do 2010, a rectificación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2008 e modificada por acordo da mesma Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2010, no que respecta á quenda de acceso das tres prazas vacantes de técnico/a Administración Xeral, que pasa a ser libre para todas elas, nos termos do disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999:

<b>Nº Vacantes</b>	<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Escala</b>	<b>Subescala</b>	<b>Clase</b>	<b>Tanda Acceso</b>
3	Técnico Admón. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre

2º.- Acordar a rectificación das bases específicas da convocatoria das 3 prazas de técnico/a de Administración Xeral incluídas na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008 e publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, que pasan a contar coa seguinte redacción:

**1.- TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL.**

I.- Número de prazas: 3.

II.- Características.

Enmarcada no Grupo A, subgrupo A1; escala, Administración xeral; subescala, técnica; clase, superior. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias dos posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do/a aspirante.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

### III.- Sistema de selección.

Establécese o de oposición libre para todas elas (unha correspondente a rama xurídica e outra da rama económica e a restante, correspondente a rama xurídica para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais da convocatoria, debidamente acreditadas).

### IV.- Condicións das e dos aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, os aspirantes deberán estar en posesión do título de licenciado/a en dereito ou de calquera das titulacións esixidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

### V.- Exercicios da oposición.

Constará dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas e todos os aspirantes: Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de 2 horas, un tema de carácter xeral, determinado polo órgano de selección inmediatamente antes de realizarse o exercicio e relacionado co programa que se achega á convocatoria, aínda que non se ataña ao epígrafe concreto deste, tendo os/ás aspirantes ampla liberdade en canto a súa forma de exposición se refire.

Neste exercicio avaliarase a formación xeral universitaria, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a aportación persoal do aspirante e a súa capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio:

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas a catro temas extraídos ó chou entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, dous da primeira parte e outros dous da segunda parte, dos seus respectivos temarios (rama xurídica e rama económica).

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública; este, concluída a lectura da totalidade dos temas, poderá solicitarlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante un período máximo de catro horas, e consistirá na redacción dun informe, con proposta de resolución, sobre dous supostos prácticos que propondrá o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos a tarefas administrativas propias das funcións asignadas á subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais, coleccións de xurisprudencia e libros de consulta dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Neste exercicio avaliarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática na presentación e formulación de conclusións e o coñecemento e axeitada interpretación da normativa aplicable.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.- Obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.

Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos *windows* ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (*open office* ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección, e avaliarase de 0 a 3 puntos.

Quinto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) co fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 5 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; quedará eliminado o/a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto será de 0 a 3 puntos, e a do quinto exercicio será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base X das xerais.

## A N E X O- TEMARIO

(NON LLE SON DE APLICACIÓN OS DO GRUPO A, SUBGRUPO A1, INCLUÍDOS COMO ANEXO AS BASES XERAIS)

**Rama xurídica: Programa específico quenda libre, incluída a reservada para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.**

**Primeira parte: dereito político, constitucional e administrativo xeral.**

Tema 1. A Constitución: concepto. Caracteres da Constitución de 1978. estrutura. A definición do Estado español como social, democrático e de dereito. Os valores superiores do ordeamento xurídico.

Tema 2. Título I da Constitución (I): Dereitos fundamentais e liberdades públicas: contido esencial e principais leis de desenvolvemento. A súa consideración na xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Sistemas de protección xurisdiccional.

Tema 3. Título I da Constitución (II). Dereitos e deberes dos cidadáns. Principios rectores da política social e económica.

Tema 4. A Constitución no sistema de fontes do dereito. Leis orgánicas e ordinarias. Os tratados internacionais. O principio de reserva de lei. Principios informadores das relacións entre o ordeamento estatal, autonómico e local.

Tema 5. A Coroa. As funcións constitucionais do xefe do Estado. O referendo.

Tema 6. O poder lexislativo e a súa regulación. As Cortes Xerais. Control lexislativo da acción do Goberno. O Tribunal de contas. O Defensor do Pobo.

Tema 7. O poder xudicial e a súa regulación: o Consello Xeral do Poder Xudicial. Planta e organización dos xulgados e tribunais. O Tribunal Constitucional. O recurso de amparo.

Tema 8. O poder executivo e a súa regulación. Composición e funcións do Goberno da Nación. A súa relación cos outros poderes.

Tema 9. Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.

Tema 10. A organización territorial do Estado na Constitución. As comunidades autónomas: organización e competencias. Os estatutos de autonomía.

Tema 11. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.

Tema 12. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo. O Tribunal de Contas de Galicia.

Tema 13. A Xunta de Galicia e o seu presidente.

Tema 14. A administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A administración periférica. A administración institucional e corporativa.

Tema 15. As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes: o Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

Tema 16. O ordenamento xurídico comunitario: as súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.



- Tema 17. Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público.
- Tema 18. A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do Goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 19. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Definición e aplicación da lexislación de carácter básico e supletorio.
- Tema 20. O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderrogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 21. Principios da organización administrativa. Principios rectores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.
- Tema 22. O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.
- Tema 23. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.
- Tema 24. Os recursos administrativos. Reclamacións previas á vía xudicial. A execución dos actos administrativos: motivos da súa suspensión.
- Tema 25. O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
